



## Concello de Cangas

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 18 de xaneiro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:40 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias e D. Héitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes e D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 29 de decembro de 2015.

#### **URBANISMO E PATRIMONIO**

## **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

### **2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da

licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 24.149.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.280.- A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia a referida licenza, promovida por D. R. J. e M. F. T.

EXPEDIENTE N° 25.671.- A M. M. O., autorízase a realización das obras de urbanización, previstas no proxecto presentado, debendo comunicar o remate das obras para, previa comprobación polos servizos técnicos municipais, outorgar a licenza de edificación.

EXPEDIENTE N° 25.788.- A M. C., J. J. e M. L. A. E., para en Rúa Seixo, n° 13-esquina Rúa Fomento, demoler parcialmente a edificación existente en 343,00 m2., de conformidade coa proxecto do aparelador Alvaro Germade Portela visado o 24 de novembro de 2015 e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advirtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.735.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para en Seixo-Darbo, executar 4,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248315070195, de data 6 de outubro de 2015, e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE N° 24.780.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para en Castrillón-Coiro, executar 6,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248315100032, de data 6 de outubro de 2015 e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE N° 25.781.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A., para na Avda. de Moaña, nº 31-Cangas, executar unha canalización de 8,00 metros para gas natural, de conformidade coa documentación presentada o 27 de novembro de 2015 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

- \* Deberá regular o tráfico durante as obras.
- \* Non se permiten reposicións parciais.
- \* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.
- \* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### **OBRAS**

EXPEDIENTE N° 25.680.- G. A. M. C., cerramento en Monte de San Cibrán, nº 14B-Aldán.

#### **FACENDA**

### **4º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

#### **4.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
R. G. S. E J. L. G. P.	AVAL	543,91 €	EXPEDIENTE N° 22.642

## 5º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN N° 83/2007 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO N° 83/2007, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE M. L. M. R.

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 14.01.2016, sobre recoñecemento de custas derivadas da peza separada de execución n° 83/2007 derivada do procedemento ordinario n° 83/2007, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra a instancia de M. L. M. R., que di o seguinte:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN 83/2007 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 83/2007 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE M. L. M. R. (X-07/07)*

*Visto o Decreto ditado en data 21/10/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra na Peza Separada de Execución n° 83/2007 no Procedemento ordinario n° 83/2007, instruído a instancia de M. L. M. R.*

*Visto que o citado Decreto aproba definitivamente a taxación de custas por importe de cincocentos setenta e cinco euros con trinta e catro céntimos (575,34 €) a cuxo pagamento resultou condenado este concello xunto con Acciona Agua, S.A.U.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de douscentos oitenta e sete euros con sesenta e sete céntimos (287,67 €) en concepto de custas procesais, con*

*base no disposto no decreto de data 21/10/2015 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra recaído na Peza Separada de Execución nº 83/2007 no Procedemento ordinario nº 83/2007, instruído a instancia de M. L. M. R. (metade dos 575,34 € fixados no citado decreto); a dita cantidade recoñécese con cargo á aplicación 161- 22604 do vixente orzamento de gastos prorrogado.*

Segundo.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza separada de execución nº 83/2007 derivada do procedemento ordinario nº 83/2007, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra a instancia de M. L. M. R.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

5.B) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA, RECAÍDA NO PROCEDIMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 25/2015-c, DIMANANTE DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 33/2014) TRAMITADO A INSTANCIA DA MERCANTIL AREANOVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A. (ACISA)

Dáse conta de Decreto da Alcaldía do día 08.01.2016, referente a dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento de execución de títulos xudiciais nº 25/2015-c, dimanante do procedemento ordinario nº 33/2014) tramitado a instancia da mercantil Areanoval de Construcciones e Instalaciones, S.A. (ACISA), que di o seguinte:

*"Ref.: X-14/07*

#### **DECRETO DA ALCALDÍA**

*Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 28/12/2015, con rexistro de entrada nº 13 do 04/01/2015 no Concello de Cangas, recaída no Procedemento de Execución de Títulos Xudiciais nº 25/2015-c (dimanante do Procedemento Ordinario nº 33/2014) instruído a instancia da mercantil: Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S. A. (ACISA), pola que se require deste Concello que proceda a pagar en 5 días, trescentos sesenta e dous euros con trinta e dous céntimos (362,32 €) de xuros, advertindo de que queda pendente a resolución da peza*



*de execución resolvendo, con base aos escritos presentados a discrepancia na liquidación.*

*Visto que por resolución da Alcaldía 02/07/2015 foi delegada na Xunta de Goberno Local, entre outras competencias, o recoñecemento das obrigas derivadas de sentenzas xudiciais, así coma a execución de resolucións xudiciais por razón de actos ditados pola Xunta de Goberno Local.*

*Visto que o prazo outorgado no requirimento impide poder agardar a vindeira Xunta de Goberno Local, debe esta Alcaldía adoptar a presente resolución avogando a competencia anteriormente exposta dando conta na vindeira Xunta de Goberno Local para proceder ao recoñecemento*

*En consideración ao anteriormente exposto RESOLVO:*

*Primeiro.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de 16.06.2011 para aprobar as bases de selección citadas.*

*Segundo.- Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 28/12/2015, con rexistro de entrada nº 13 do 04/01/2015 no Concello de Cangas, recaída no Procedemento de Execución de Títulos Xudiciais nº 25/2015-c (dimanante do Procedemento Ordinario nº 33/2014) instruído a instancia da mercantil Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S. A. (ACISA), pola que se require deste Concello que proceda a pagar en 5 días trescentos sesenta e dous euros con trinta e dous céntimos (362,32 €) de xuros.*

*Terceiro.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de trescentos sesenta e dous euros con trinta e dous céntimos (362,32 €) en concepto de xuros a favor de Aeronaval de Construcciones e Instalaciones S. A. (ACISA). con cargo á aplicación 130-352 do orzamento de gastos vixente.*

*Cuarto.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.*

*Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar integramente o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento de execución de títulos xudiciais nº 25/2015-c, dimanante do procedemento ordinario nº 33/2014) tramitado a instancia da mercantil Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A. (ACISA).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

5.C) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 13/01/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE PONTEVEDRA NA ETJ 25/2015-C (DIMANANTE DO PO 33/2014)

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 14.01.2016, referente a dilixencia de ordenación de data 13/01/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra na ETJ 25/2015-C, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 13/01/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE PONTEVEDRA NA ETJ 25/2015-C (DIMANANTE DO PO 33/2014) X-14/07*

*Visto que en cumprimento da dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra de data 28/12/2015, con rexistro de entrada n.º 13 do 04/01/2015 no Concello de Cangas, recaída no Procedemento de Execución de Títulos Xudiciais N.º 25/2015-c (dimanante do Procedemento Ordinario n.º 33/2014) instruído a instancia da mercantil Aeronaval de Construcciones e Instalaciones S. A. (ACISA), se ditou resolución da Alcaldía de data 08 de xaneiro de 2016, avogando as competencias delegadas a na Xunta de Goberno Local e se procedeu ao pago requirido por importe de trescentos sesenta e dous euros con trinta e dous céntimos (362,32 €) en tanto se resolvía a discrepancia existente entre as partes á vista dos escritos presentados.*

*Visto o contido da Dilixencia de Ordenación de data 13/01/2016 recaída no procedemento de execución de títulos xudiciais n.º 25/2015-C do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra da que se deu traslado á representación do concello o 14/01/2016 que resolvendo a discrepancia mencionada dispón:*

*"Procede aprobar a liquidación de xuros do actor e requirir ao concello co fin de que pague no prazo de 10 días o importe de seiscentos vinte e tres euros con trinta e oito céntimos (623,38 euros) en concepto de xuros principais."*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

Primeiro.- Tomar coñecemento da Dilixencia de Ordenación de data 13/01/2016 recaída no procedemento de execución de títulos xudiciais n.º 25/2015-C do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra, instruído a instancia da mercantil AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES SA (ACISA).

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de seiscentos vinte e tres euros con trinta e oito céntimos (623,38 euros) en concepto de xuros a favor da mercantil AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES SA (ACISA) con cargo á aplicación 130-352 do orzamento de gastos prorrogado en vigor.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a dilixencia de ordenación de data 13/01/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na ETJ 25/2015-C.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

### **6º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DESEMPREGADOS/AS**

6.A) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS-ANO 2016

Dáse conta de proposta do día 12.01.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de subvención para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS-ANO 2016*

*Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, a concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local propón á Xunta de Goberno Local, o seguinte:*

*PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da citada Orde do 29 de decembro de 2015, subvención para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as, de acordo coa seguinte táboa, que contrataría o Concello de Cangas en caso de percibirse a pertinente subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria:*

<b>SERVIZO</b>	<b>OCUPACIÓNS SOLICITADAS</b>	<b>DURACIÓN CONTRATO</b>	<b>XORNADA</b>	<b>Nº TRABALLADORES</b>
<b>SALVAMENTO EN PRAIAS</b>	4 Patróns 20 Socorristas	3 meses	Completa	24
<b>TOTAL</b>				24

*SEGUNDO.- Aprobar os proxectos que respecto dos servizos para os que se solicita a subvención, constan no expediente.*

*TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, para que asine a solicitude de subvención.*

*CUARTO.- Remitir o presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, xunto coa documentación que sinala a citada orde."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as.

**6.B) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA ANO 2016**

Dáse conta de proposta do día 18.01.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas perceptoras de RISGA, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA-ANO 2016*

*Vista a Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA e se aproba a convocatoria para o ano 2016, a*

concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local propón á Xunta de Goberno Local, o seguinte:

*PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da citada Orde do 29 de decembro de 2015 subvención para a contratación de 20 traballadores e traballadoras desempregados/as que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da orde de convocatoria, dentro do 'SERVIZO DE INTEGRACIÓN CONCELLO DE CANGAS -ANO 2016', de acordo coa seguinte táboa e orde de prioridade, que contrataría o concello no caso de percibirse a pertinente subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria:*

<b>SERVIZO DE INTEGRACIÓN CONCELLO DE CANGAS ANO 2016</b>					
<b>ORDE PRIORIDA DE</b>	<b>OCUPACIÓN</b>	<b>GRUPO COTIZACIÓN S.SOCIAL</b>	<b>DURACIÓN CONTRATO</b>	<b>XORNADA</b>	<b>Nº TRABALLADO- RES</b>
1	Peón limpeza viaria	10	7 meses	75%	6
2	Peón limpeza edif públicos	10	7 meses	75%	2
3	Peón forestal	10	7 meses	75%	6
4	Auxiliar administrativo	7	7 meses	75%	1
5	Conserxe	6	7 meses	75%	2
6	Peón albanel	10	7 meses	75%	2
7	Peón electricista	10	7 meses	75%	1
<b>TOTAL</b>					<b>20</b>

*SEGUNDO.- Aprobar os proxectos que respecto dos servizos para os que se solicita a subvención, constan no expediente.*

*TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, para que asine a solicitude de subvención.*

*CUARTO.- Remitir o presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, xunto coa documentación que sinala a citada orde."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas perceptoras de RISGA.

**7º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO MUNICIPAL**

7.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO MUNICIPAL

Dáse conta de proposta do día 15.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de postos de venda no mercado municipal, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23 de marzo de 2015, foi denegada a solicitude de renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2015 con simultánea transmisión a S. J. F. presentada por C. J. R.*

*O citado foi notificado xunto cos recursos procedentes ao interesado o pasado día 17/04/2015, que na mesma data presentou escrito de recurso achegando unha serie de documentos requiridos para a renovación.*

*Comprobada a documentación achegada comprobouse que se cumpren os requisitos para outorgar a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2015 con simultánea transmisión.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición formulado contra o acordo de Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2015 e en consecuencia outorgar a renovación para o ano 2015 da licenza da que era titular C. J. R., autorizando a transmisión desta a favor de D. S. J., que adquire a titularidade daquela.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente autorización de postos de venda no mercado municipal.

7.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO MUNICIPAL

Dáse conta de proposta do día 15.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de postos de venda no mercado municipal, que é como segue:

*“PROPOSTA DA CONCELEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23 de marzo de 2015, foi denegada a solicitude de renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2015 con simultánea transmisión a S. E. J., presentada por L. D. E.*

*O acordo foi notificado xunto cos recursos procedentes á interesada o pasado día 17/04/2015, e esta achegou a documentación precisa para outorgar o solicitado nos termos requiridos na xuntanza mantida coa Alcaldía durante o mes de outubro no prazo outorgado polo que se cumpren os requisitos para outorgar a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2015 con simultánea transmisión.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Estimar o recurso formulado contra o acordo de Xunta de Goberno Local de 23 de marzo de 2015 e en consecuencia outorgar a renovación para o ano 2015 da licenza da que era titular, L. D. E., autorizando a transmisión desta a favor de S. E. J. que adquire a titularidade daquela.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, a Tesourería e á concellería responsable da venda ambulante, advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente autorización de postos de venda no mercado municipal.

## **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL**

Dáse conta de escrito do día 25.11.2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica da concesión de subvención ao Concello de Cangas, por importe de oito mil dezasete euros (8.017,00 €) en concepto de gastos de funcionamento da Escola de Música Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aceptar e tomar coñecemento da concesión de subvención, por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, para gastos de funcionamento da Escola de Música Municipal.

#### **9º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL**

Dáse conta de escrito do día 25.11.2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica da concesión de subvención ao Concello de Cangas, por importe de dezaseis mil trescentos sesenta e tres euros (16.363,00 €) en concepto de gastos de funcionamento do Conservatorio de Música Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aceptar e tomar coñecemento da concesión de subvención, por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, para gastos de funcionamento do Conservatorio de Música Municipal.

#### **MOBILIDADE E TRANSPORTE**

#### **10º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR S/CONCESIÓN DE REMOLQUE DE EMERXENCIAS PARA SERVIZOS DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS**

Dáse conta de escrito do día 21.12.2015 (R.E. nº 4 do 04.01.2016) da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, no que se comunica que ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2015, se acorda a concesión ao Concello de Cangas, de equipamento de emerxencias que consiste en:

\* REMOLQUE DE EMERXENCIAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aceptar e tomar coñecemento da concesión da concesión do equipamento de emerxencias por parte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

#### **URXENCIAS**



## **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) PROPOSTA DO SERVIZO DE URBANISMO S/DEMOLICIÓN DO PALCO DE SAN PEDRO**

Examinado o proxecto para a demolición do Palco da Capela de San Pedro da Parroquia de Darbo, redactado polo arquitecto e delineante do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda remitir a referida documentación para a demolición do Palco da Capela de San Pedro ao Servizo de Patrimonio, para a emisión do correspondente informe.

\*\*\*

Pte. de engadir proposta do departamento de Urbanismo.

### **B) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/MODIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016-LIÑA 3**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.01.2016, referente a modificación de acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2016-liña 3, que é como segue:

*“PROPOSTA*

*MODIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016- LIÑA 3*

*Publicadas no BOP nº 233 de data do 02/12/2015, pola Deputación Provincial de Pontevedra as bases e convocatoria dun Plan Provincial de Cooperación nas obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.*

*A Xunta de Goberno Local en data do 21/12/2015, acorda solicitar as seguinte axudas dentro da Liña 3:*

<i>Denominación actividade</i>	<i>Importe total euros, incluído IVE</i>
<i>Correlingua</i>	<i>1.200,00</i>

<i>Camiños escolares</i>	<i>800,00</i>
<i>Proxectos educativos</i>	<i>300,00</i>
<i>Transporte actividades educativas</i>	<i>1.000,00</i>
<i>Guía móvete por Cangas</i>	<i>500,00</i>
<i>Edición proxecto orquestral</i>	<i>750,00</i>
<i>Instrumental Conservatorio</i>	<i>2.000,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional Concello de Cangas "Aturuxos da Ría"</i>	<i>5.000,00</i>
<i>MusiCangas 2016</i>	<i>6.700,00</i>
<i>Salón do Cómic</i>	<i>4.800,00</i>
<i>Actividades Medioambientais 2016</i>	<i>12.000,00</i>
<i>Programación Auditorio</i>	<i>3.000,00</i>
<b>TOTAL</b>	<b><i>38.050,00</i></b>

Presentada toda a documentación de solicitude perante a Deputación, comunican que os importes das actividades deben seren superiores a mil euros (1.000,00 €), polo que se procede a unificar algunhas actividades; o resultado total do importe a incluír na LIÑA 3 non varía do inicial e propónse as seguintes actividades:

<b><i>Denominación actividade</i></b>	<b><i>Importe total euros, incluído o IVE</i></b>
<i>Correlingua</i>	<i>1.200,00</i>
<i>Camiños escolares</i>	<i>1.300,00</i>
<i>Proxectos educativos</i>	<i>1.300,00</i>
<i>Transporte actividades educativas</i>	<i>1.000,00</i>
<i>Instrumental Conservatorio</i>	<i>2.750,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional Concello de Cangas "Aturuxos da Ría"</i>	<i>5.000,00</i>
<i>MusiCangas 2016</i>	<i>6.700,00</i>
<i>Salón do Cómic</i>	<i>4.800,00</i>
<i>3º Festival de danza e música tradicional</i>	<i>2.500,00</i>
<i>Actividades Medioambientais 2016</i>	<i>12.000,00</i>
<i>Programación Auditorio</i>	<i>3.000,00</i>
<b>TOTAL</b>	<b><i>38.050,00."</i></b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a modificación de acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2016-liña 3.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente